

ACHEGAMENTO Á DETECCIÓN DE IDEAS PREVIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

RODRÍGUEZ PIÑEIRO, JESSICA

CEIP de Cedeira, Redondela

1. Introducción

De acordo cos paradigmas construtivista e socioconstrutivista, a avaliación das ideas previas do alumnado é primordial de cara a xerar novas aprendizaxes con estratexias metodolóxicas que desemboquen en aprendizaxe significativa. A aprendizaxe enténdese como produto da interacción entre o coñecemento previo e a nova información presentada. Todo coñecemento novo baséase nun coñecemento anterior e relaciónase co adquirido previamente (Arias, 1998).

Os obxectivos da experiencia que presentamos son os seguintes:

- Profundar na importancia e posta en práctica do estudo de ideas previas do alumnado de primaria nos proxectos relacionados coas ciencias da natureza.
- Diseñar instrumentos e estratexias que permitan analizar as ideas previas en proxectos relacionados coas ciencias da natureza.
- Poñer en práctica nunha aula de primaria instrumentos e estratexias reflexionando sobre a súa eficacia e valor.

2. Fundamentación teórica

Hernández (2000) expón que un proxecto de traballo supón unha concepción do aprender que ten en conta voces distintas á hora de resolver problemas baseados nun enfoque globalizador. Situados os proxectos como unha metodoloxía adecuada, capaz de propiciar a innovación, acorde aos requirimentos educativos e os da sociedade do século XXI, vemos que ademais é un método que axuda ao alumnado na construción de coñecemento dende as súas ideas previas.

Arias (1998) indica que non se deberían ignorar estes coñecementos previos, nin consideralos erróneos, senón telos e facelos presentes, partir deles para programar novas situacións de ensino, xa que a importancia destas ideas é grande para a aprendizaxe de novos coñecementos, inflúen na súa asimilación condicionando a aprendizaxe.

3. Metodoloxía

A nosa experiencia consta dos seguintes pasos:

- Unha investigación bibliográfica acerca da detección de ideas previas nos proxectos de ciencias da natureza.
- Unha recolleita de instrumentos e estratexias para analizar ideas previas con alumnado de primaria en proxectos de ciencias da natureza
- Deseño de instrumentos e estratexias para dous proxectos de ciencias nunha aula de Primaria e posteriores conclusións sobre a posta en práctica dos instrumentos deseñados.

4. Desenvolvemento da intervención

1ª INTERVENCIÓN

No primeiro caso, realizamos unha intervención nunha aula de segundo de educación primaria para un proxecto relacionado cos seres vivos. A intervención levouse a cabo en catro sesións de

50 minutos nas que se puxeron en práctica catro estratexias de detección de ideas previas; **debuxo- palabra, sobre sorpresa** e dúas estratexias máis construídas e adaptadas en base ás dúbidas dos alumnos e alumnas. Unha estratexia de **diagrama comparativo** e a estratexia **pregunto- pregunta** xa que despois de analizar as gravacións da anterior observamos como lles xurdían máis dúbidas e preguntas coma as que se transcriben a continuación:

Todas as plantas teñen flores? “Unhas teñen flores pero outras non. Algunhas teñen flores, outras froitos, outras non teñen nada,...” - **Como se alimentan?** “Do sol. Aínda que tamén da terra, e da auga. Non poden vivir sen iso.” - **Todas as plantas viven na terra?** “Si. tamén hai plantas que viven na area, ou na auga coma as algas.” - **As plantas respiran?** “Si. Respiran polas raíces.” - **Como se reproducen?** “A través da semente.” “É a pole que o levan as abellas”. - **Todas as plantas teñen froito?** “Non. Hai plantas moi diferentes. Algunhas dan froitos, outras dan natureza e vida, outras flores,...” - **As plantas teñen corazón?** “Si, é o corazón de natureza.” **Como é ese corazón de natureza?** “Son como as sementes, están dentro das plantas.” **E onde está exactamente? É igual que o noso?** “Onde está a semente pero non é coma o noso, este corazón non late” “(Outro di:) Si que late, que así se move o sangue pola planta”. **Ah, pero a planta ten sangue entón?** (isto deu para debate, algúns aseguraban que si pero que era branca ou transparente e outros dicían que non).

2ª INTERVENCIÓN

Decidimos probar algúns dos instrumentos creados noutro centro educativo con estudantes dun nivel superior para comparar. Realizouse nun grupo de cuarto de primaria con 12 alumnas e 6 alumnos. Neste caso a temática de proxecto que ían comezar eran “os seres vivos autótrofos”. Púxose en práctica a estratexia de detección de ideas previas “**debuxo - palabra**”.

Neste caso a mestra titora introduciu algúns cambios na dinámica para adaptala á súa aula. No seu caso decidiu que non se intercambiaría o traballo e que sería o grupo que creou as palabras os que as colocarían e despois explicarían ao resto da clase as súas decisións. Nese debate e explicación posterior podían facer cambios nas súas decisións iniciais.

5. Conclusións

No traballo por proxectos en ciencias debemos partir das ideas, crenzas, percepcións e concepcións previas do alumnado. Existen estratexias variadas para detectalas, a posta en práctica amosou a súa fortaleza e potencialidade e indicou que había diferenzas entre elas en canto á súa aplicación e maneira de obter os resultados. Observamos como o profesorado presenta disposición á hora de empregar estratexias de detección de ideas previas, pero non son frecuentes na súa práctica docente.

Podemos confirmar a importancia que ten a detección de ideas previas, a súa análise e inclusión como parte esencial dentro dos proxectos de ciencias da natureza. Coincidimos, pois, con Arias (1998) cando afirma que non se deberían ignorar estes coñecementos previos, nin consideralos erróneos, xa que a importancia destas ideas é grande para a aprendizaxe de novos coñecementos, inflúen na súa asimilación condicionando a aprendizaxe.

6. Referencias bibliográficas

- Arias, A. (1998). Avaliación inicial e investigación das ideas previas do alumando. *Revista Xermolar do CEFOCOP de Pontevedra*. 4, 37-39.
- Hernández, F. (2000). Los proyectos de trabajo: la necesidad de nuevas competencias para nuevas formas de racionalidad. *Educar*, 26, 39-41.